

DON MANUEL

Duquesa de Alba, 62

27400 Monforte de Lemos, Lugo

Teléfono: 982 403 633



INFORMACIÓN XERAL

Don Manuel sitúase na zona chaira, ben comunicado co centro comercial e monumental, tanto en coche como por itinerario peonil.

Atención ao público e outra información de interese

- Dado que os eventos acórdanse con antelación, permite previr todo tipo de alerxias e intolerancias durante o deseño do menú.
- Pode accederse con can guía e de asistencia.
- A evacuación realízase en cota continua, sen interrupcións nin desniveis.

Acceso e zona de atención ao público

- O acceso desde o exterior realízase en cota 0. A leira dispón de aparcadoiro propio. O itinerario peonil está pavimentado con formigón gris. A calzada onde aparcan os coches é de grava miúda fina solta.
- Todo o percorrido desde o aparcadoiro ata o salón de eventos, así como os xardíns e randeiras, realízase nunha cota continua sen interrupcións.
- Dos tres edificios mencionados, o salón de eventos é o máis grande, situándose á dereita do aparcadoiro, e distinguíndose pola súa porta branca.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- O salón ten paredes modulares, polo que pode ser un único espazo ou dividirse en varios, segundo sexa o aforamento e contido de cada evento. Sitúase fronte á entrada, sen perda posible.

Características

- Todo o espazo -vestíbulo, salóns e aseo- aséntanse sobre unha mesma cota continua. O paso da baldosa do vestíbulo á tarima de aseo e salón realízase sen interrupción de nivel.
- O vestíbulo non expón ningún problema de mobilidade. No salón, a anchura de corredores entre mesas é variable segundo sexa a posición dos comensais. Coas cadeiras en posición de espera é de 2,00m.
- O chan é de tarima flotante escura, sen cortes nin cambios.
- As mesas teñen 80cm de altura, co bordo inferior a 78cm e un espazo entre patas de 70cm.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Sitúase no vestíbulo, ao final da liña de paredes modulares que definen o espazo. Dereita desde a entrada, esquerda desde os salóns.

Cabina

- A cabina conta con dúas portas en escuadra, unha indicada como feminino e outra como accesible. Ambas poden abrirse e pecharse desde interior e exterior.
- As portas son batentes, cara ao interior e con picaporte ergonómico. O mecanismo de peche é de palomilla con pancas longas, non require habilidade manual fina. Pode manipularse desde o exterior en caso de emerxencia.
- Pode trazarse un círculo de 1,50m con comodidade, aínda que unha pequena parte de xiro vai baixo a proxección do lavabo.

Lavabo

- Aínda que a cabina é sinxela, conta con dous lavabos. O bordo superior está a 78cm, o inferior a 72cm e o ancho do lavabo é de 57cm.
- As billas son de pulsador, co botón colocado a 85cm de altura e 40cm con respecto ao bordo do lavabo. Das dúas piletas, só a dereita é accesible, xa que baixo a esquerda sitúase a caldeira.
- O espello está a 1,05m de altura, adherido á parede en vertical.

Inodoro

- O inodoro está a 49cm, e conta cunha barra horizontal fixa en toda a súa lonxitude, prolongándose ata 50cm sobre a proxección do sanitario.
- O espazo de transferencia queda parcialmente bloqueado polo lavabo, pero permite unha aproximación oblicua.
- A barra sitúase a 77cm de altura e conta con empuñadura rugosa para facilitar a tracción.
- O mecanismo de descarga sitúase no centro da cisterna, de tipo apoio, sendo un pulsador de 3cm de diámetro colocado no centro da tapa.

ACCESIBILIDADE VISUAL

- Sen equipamento neste ámbito.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

- Sen equipamento neste ámbito.